

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

Curso 24/25: Un cheque en branco para Rueda que trae estragos ao ensino público.

O comezo de curso trouxo, como non, novos agravios para o ensino público galego, como se estivésemos acurrallados naquel spot de nadal de Manuel Fraga: amigas e amigos, como cada ano por estas datas...

E ademais, La Voz de Galicia. Que obsesión coa verdade. De aí que loiten por contala, que non nos distraian os feitos. O duelo polo Rey de reis, o crooner do xornalismo veraz que partiu entre as bágoas dos Ónega, os Blanco Valdés, os Barreiro Rivas e algúns outros aspirantes a emular os primeiros, non lle impediu a este medio empregarse con renovado fulgor na difusión da propaganda do PP, louvando o suposto compromiso da Xunta e do incansábel Conselleiro coas necesidades educativas dos centros. Contratamos a catrocentos docentes, oiga! Pero oia tamén que eses datos son de parte: vacantes que non saíron cando tiñan que saír no CADP e que provocan as protestas deste comezo de curso, xubilacións que non se repuxeron e prazas do PROA que non deberan contar nun cómputo minimamente serio sobre as necesidades do noso sistema educativo.

Pero é que a Román non lle sae.

Suspendeu en xuño e non recupera agora en setembro. En Lalín o sol aperta no verán. Espeso. E non da gana de aplicarse.

Porque a realidade é outra ben distinta: a Consellería de Educación está a incumprir en centros de todas as provincias a lexislación vixente (Lagostelle, Lugo, Sober, Castro Ribeiras de Lea, Taragoña, Valdoviño, Caldas de Reis, Ventín en Ames ou Pena de Francia en Mos, entre moitos outros) que lles debería permitir a estes desdobrar grupos para garantir unha atención axeitada, recibindo máis docentes para as aulas.

A Consellería non fai o que debera. Que é un eufemismo de que o autobús de Rueda vai dereito contra o castiñeiro.

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

É grave. Pois alén de que unha parte da cidadanía e das organizacións sindicais asinantes do Acordo da Miseria acompañen este goberno riquiño con gusto no sinistro (sabemos o retrouso: es que a nosotros nos dijeron que...xaora), as consecuencias son moi serias para a calidade do ensino público galego, especialmente para o alumnado. E dentro del, aquel que máis o precisa. Tamén: o deterioro das condicións de traballo do profesorado, facendo malabarismos para atendelo e impedindo a súa coordinación, preparación e participación en proxectos ou programas.

Pero antes de estrelármonos contra o castiñeiro, non quedemos sen rozarlle a chapa ao autobús contra o quita-medos: o profesorado interino e substituto segue sen cobrar o verán; tampouco é chamado en setembro até o comezo das clases, o que impide unha correcta planificación do traballo e inflúe negativamente no axeitado funcionamento dos centros.

Así que esta situación esixe de todas nós, as organizacións sindicais e o resto da comunidade educativa unha actitude de resiliencia, espírito crítico, conciencia de clase, esperanza, compromiso construtivo e loita intelixente. Ningunha cuestión complexa, tampouco os abusos dun goberno que se desentende do público e usa a súa posición de privilexio para encher os petos duns poucos, se resolveu nunca indo cadaquén pola súa banda. O reto é grande. Porque as nenas e nenos galegos érguense e van á súa escola con ledicia, pensando que con esforzo e traballo poderán saír adiante. Aínda tardarán en comprender que hai un goberno que lles está negando o seu dereito a recibir un ensino público de calidade. A urxencia, é moita.

Winter is coming. Logo vén o inverno. Que ninguén poida dicir despois que é que non se vía o castiñeiro.